

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 27 de xullo de 2010 pola que se convocan, para o ano 2010, as subvencións para fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodigestión de xurros.

O Plan de medidas murxentes da estratexia de cambio climático e enerxía limpa recolle as actuacións das administracións públicas en España para asegurar o cumprimento polo noso país das súas obrigas adquiridas no Protocolo de Quioto de 1997.

Como unha das medidas urxentes recollidas figuraba a elaboración dun Plan de biodigestión de xurros, finalmente aprobado polo Goberno español con data do 26 de decembro de 2008, que establece

como o seu obxectivo principal a redución de emisións dos denominados gases de efecto invernadoiro (GEI) na xestión de xurros.

Para impulsar o Plan de biodigestión de xurros, o 23 de xuño de 2009 publicouse no BOE o Real decreto 949/2009, do 5 de xuño, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais para fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodigestión de xurros.

Dentro da tramitación da autorización da Comisión Europea para estas subvencións estatais, de conformidade co artigo 88.3º do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e co artigo 9.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a antedita Comisión puxo de manifesto que as denominadas, no ámbito do real decreto obxecto de análise, axudas a biodigestores rurais debían encadrarse no marco do Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*. No que se refire ás axudas a biodigestores industriais, sexan instalacións individuais ou centralizadas, a Comisión establecía que o seu encadramento debía ser feito dentro do número 3.1.6., Axuda para fontes de enerxía renovables, das directrices comunitarias sobre axudas estatais en favor do ambiente (2008/C 82/01).

Tales conclusións foron notificadas ao estado membro España, con data do 30 de marzo de 2010 mediante escrito da Comisión Europea.

Por outra banda, o artigo 6 número 2º do Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, dispón que lle corresponde á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, a través da Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias, as funcións de execución das accións referentes aos sistemas de produción agraria sustentable e de conservación do medio rural, así como tamén as actividades relacionadas coa ordenación, fomento e control dos medios de produción agrícola.

En virtude de todo o anterior, conforme o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, no exercicio das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade da subvención.*

Esta orde ten por obxecto convocar no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as axudas, en

réxime de concorrência competitiva, recollidas no Real decreto 949/2009, do 5 de xuño, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais para fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodigestión de xurros (BOE nº 151, do 23 de xuño).

A finalidade desta axuda é:

1. Fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodigestión de xurros, que permitan a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), así como a valorización agrícola do dixestato e facilitar a xestión e o tratamento do nitróxeno dos xurros nas zonas con alta concentración gandeira co fin de reducir as emisións de GEI na xestión do estercor.

2. Aplicar tecnoloxías complementarias á biodigestión anaeróbica, que permitan mellorar a xestión do nitróxeno do dixestato mediante procesos de separación sólido-líquido, eliminación, redución-recuperación de nitróxeno ou outros, en zonas de alta concentración gandeira, consideradas como tales, aquelas onde a carga de gando intensivo produtor de xurro supera as 1,2 unidades de gando maior (UGM) por hectárea de superficie agraria dedicada a cultivos herbáceos.

3. Potenciar, cunha maior subvención, a valorización agrícola directa do dixestato e a reciclaxe de nutrientes fronte aos postratamentos do dixestato como separación sólido-líquido, eliminación ou redución-recuperación de nitróxeno, aplicando os procesos de eliminación ou redución-recuperación de nitróxeno só á fracción líquida do dixestato.

4. Para maximizar o tratamento de xurros, nas plantas biodigestoras onde se supere o 20% doutro cosubstrato distinto dos esterco na mestura obxecto de dixestión, reducirase a subvención proporcionalmente á superación de tal porcentaxe límite.

Artigo 2º.-Definicións.

Para os efectos desta orde son de aplicación as definicións recollidas no artigo 2 do Real decreto 949/2009, do 5 de xuño, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais para fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodigestión de xurros.

CAPÍTULO II

AXUDAS PARA INSTALACIÓNS DE DIXESTORES RURAIS SOBRE BALSAS DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS INTENSIVAS

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas descritas neste capítulo os titulares das explotacións agrarias que realicen algunha das actividades subvencionables previstas no artigo 5º, que traten mediante o procedemento escollido como máximo 25.000 t de xurro/ano, sempre que as emisións de metano por m³ de xurro tratado e ano sexan como mínimo equiva-

lentes ao factor medio de produción de metano do Inventario nacional de gases.

2. Non serán obxecto das axudas recollidas neste capítulo as explotacións gandeiras extensivas, segundo a definición contida no artigo 2 do Real decreto 949/2009, do 5 de xuño.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios os solicitantes en que concorran algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4º.-Requisitos e compromisos.

1. Os beneficiarios das axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter a condición de pequena e mediana empresa (peme) conforme o anexo I do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

b) Ter inscritas as súas explotacións gandeiras no rexistro previsto no Real decreto 479/2004, do 26 de maio, e cumprir cos requisitos establecidos na dita normativa. As explotacións gandeiras a que están vinculadas as instalacións obxecto de axuda dentro deste capítulo deben estar radicadas e rexistradas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Non ter a consideración de empresa en crise.

d) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

2. Os beneficiarios deberán comprometerse a:

a) Manter as instalacións en condicións óptimas de utilización durante un período mínimo de cinco anos, contados desde o momento da comprobación de realización do investimento, agás forza maior.

b) Proporcionar semestralmente información sobre as cantidades tratadas de xurro e as producións de biogás medidas polos equipamentos de medición.

c) Instalar os equipamentos de control para a medición da produción de biogás e para o control da combustión a fin de determinar as emisións reais de metano.

d) Cumprir cos requisitos específicos do número 4.1 do Plan de biodigestión de xurros (pode ser consultado en <http://www.mapa.es/es/ganaderia/pags/purines/purines.htm>)

e) Manter nas instalacións unha produción de metano por m³ de xurro tratado e ano que sexa como mínimo equivalente ao factor medio de produción de metano do Inventario nacional de gases.

Artigo 5º.-*Actividades subvencionables.*

1. Consideraranse subvencionables os seguintes investimentos non produtivos realizados nas explotacións:

a) Adquisición e instalación de equipamentos para a dixestión anaerobia dos xurros. Considerarase investimento subvencionable a adquisición e instalación de cubertas flexibles para o recubrimento de balsas de xurro xa existentes con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 949/2009, do 5 de xuño.

b) Adquisición e instalación dos sistemas de remexadura, condución, limpeza, concentración e outros procesos de acondicionamento do biogás para a súa combustión ou o seu aproveitamento, de ser o caso.

c) Adquisición e instalación de elementos de seguranza nos dixestores, así como nos sistemas de combustión e aproveitamento do biogás producido.

d) Adquisición e instalación de equipamentos de control para as medicións de emisións anuais de metano (CH₄).

2. Non se subvencionarán os investimentos que se teñan iniciado nunha data anterior á da presentación da solicitude.

Artigo 6º.-*Contía, compatibilidade e límites das subvencións.*

1. A contía máxima da subvención para os investimentos do número 1 do artigo 5º será:

a) Para dixestores rurais con capacidade inferior a 1.000 m³: ata 115 euros/m³ de dixestor.

b) Para dixestores rurais con capacidade entre 1.000 e 2.000 m³: ata 105 euros/m³ de dixestor.

c) Para dixestores rurais con capacidade superior a 2.000 m³: ata 95 euros/m³ de dixestor.

Para o cálculo do importe máximo da axuda considerase un período de retención hidráulica de 30 días, para determinar a capacidade do dixestor, e a produción de xurro de cada explotación calculada conforme o anexo IV desta orde.

2. En calquera caso, para a determinación da axuda considerase o disposto polo número dous do artigo 2 do Regulamento (CE) 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, que establece que a contía da axuda total *de minimis* non agrarios concedida a un beneficiario non será superior a 200.000 euros durante calquera período de 3 exercicios fiscais.

3. Para a percepción destas subvencións, os beneficiarios comprometeranse a cumprir o estipulado no número 2 do artigo 4º desta orde.

4. As axudas previstas neste capítulo serán compatíbeis con aquelas outras que estableza co mesmo obxecto, se for o caso, calquera outra administración

pública, sen que a contía total de tales axudas poida, en ningún caso, superar o cen por cen da actuación subvencionable realizada por cada explotación nin a contía límite establecida no número 2 deste artigo.

CAPÍTULO III

AXUDAS PARA INSTALACIÓNS INDIVIDUAIS OU CENTRALIZADAS CON DIXESTORES INDUSTRIAIS

Artigo 7º.-*Beneficiarios.*

1. Poderá ser beneficiario destas axudas o titular da instalación de tratamento individual ou centralizado de xurros, sempre que esta estea radicada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As axudas deste capítulo acóllense ao previsto no número 3.1.6., Axudas para fontes de enerxía renovables, das directrices comunitarias sobre axudas estatais en favor do ambiente (2008/C 82/01).

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios os solicitantes en que concorran algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8º.-*Requisitos e compromisos.*

1. Para obter a condición de beneficiario, os titulares das instalacións de tratamento individual ou centralizado deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) No caso de que a valorización enerxética do biogás sexa a produción de electricidade, ter presentado unha solicitude ante a autoridade competente para a construción e/ou explotación da instalación que, se for o caso, deberá aterse ao disposto no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial. Para o caso de valorización enerxética distinta á produción de electricidade, xustificarase o aproveitamento como combustible en caldeiras ou as posibles aplicacións emerxentes do biogás.

b) Non ter a consideración de empresa en crise.

c) Acreditar a viabilidade económica da instalación de tratamento individual ou centralizado.

d) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

e) Reunir na instalación de tratamento os seguintes elementos:

1º Instalacións de recepción e almacenamento previo dos xurros.

2º Instalacións de recepción e almacenamento previo doutros substratos, se é o caso.

3º Instalación de dixestión anaerobia. A capacidade do dixestor será tal que asegure un período de

retención hidráulica de 30 días, tendo en conta os volumes de substratos subministrados.

4º Instalacións de almacenamento posterior do dixestato.

5º Sistemas de canalizacións, válvulas e bombas.

6º Sistemas auxiliares de medición e control.

7º Sistemas de almacenamento do gas, así como sistemas de limpeza, concentración e outros acondicionamentos do gas.

8º Sistemas de utilización do gas: coxeración ou produción exclusiva de electricidade, sistemas de calefacción ou de aproveitamento na rede, así como para as posibles aplicacións emerxentes do biogás.

9º Se é o caso, sistemas de tratamento do dixestato que melloren a xestión do nitróxeno como por exemplo a separación sólido-líquido, a eliminación ou redución-recuperación do nitróxeno.

f) Acreditar, no caso de instalacións centralizadas, que se estableceron acordos contractuais cos titulares das explotacións gandeiras para a subministración de toda ou parte da súa produción de esterco e xurros, con indicación das cantidades expresadas en m³ por ano, de xeito que resulten suficientes para a capacidade de tratamento das instalacións. A produción de esterco/xurro das explotacións calcularase a partir do número de prazas que estas teñan recoñecidas, segundo o punto primeiro do anexo IV desta orde.

g) Non ter pendente de reembolso cantidade ningunha respecto de axudas que teñan sido declaradas incompatibles coa Comisión Europea.

h) No caso de grandes empresas, acreditar o carácter incentivador da axuda para cada proxecto.

2. Os beneficiarios deberán comprometerse a:

a) Manter as instalacións en condicións óptimas de utilización durante o período de amortización establecido para este tipo de instalacións, fixado en 12 anos contados desde a comprobación material dos investimentos, agás en casos de forza maior.

b) Cumprir os compromisos sobre volumes de xurros tratados de acordo coa capacidade da instalación.

c) Instalar os equipamentos de control para as medidas da produción real de biogás e efectuar os controis analíticos precisos para determinar as reducións reais de nitróxeno dos xurros, no caso de que se instalen sistemas de tratamento que melloren a xestión do nitróxeno.

d) Asegurar en todo momento unha porcentaxe mínima de 40% (v/v) de xurro no substrato de dixestión. De xurros ou esterco distintos aos de porcino non se poderá engadir un volume maior ao 30% expresado sobre o volume total da mestura obxecto de dixestión.

e) Subministrar semestralmente á autoridade competente os datos relativos a:

1º As cantidades recibidas e tratadas de xurro, así como o tipo e cantidades de cosubstratos utilizados na codixestión.

2º A produción de biogás rexistrada nos equipamentos de control da instalación de biodixestión.

3º Os controis analíticos de nitróxeno no influente e no efluente dos procesos de eliminación ou redución-recuperación de nitróxeno, mediante o estudo de balance, comprobando o seu grao de eficacia na redución do nitróxeno do xurro.

4º A xestión do dixestato e das fraccións resultantes dos postratamentos, que deberán cumprir coa lexislación ambiental e o Código galego de boas prácticas agrarias, establecido en aplicación do Real decreto 267/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

f) Se a instalación dixestora ten previsto utilizar como cosubstrato lodos de depuración obtidos en estacións depuradoras de augas residuais urbanas (EDAR) ou agroindustriais (EDARI), o beneficiario da axuda terá que se comprometer a:

1º Ter subscrito, no momento da solicitude, un contrato de subministración de lodos de depuradora coa EDAR ou EDARI, ou ben co xestor que aquelas, pola súa vez, teñan contratado para a xestión dos ditos lodos, no cal conste perfectamente identificada a súa orixe, o volume e periodicidade da subministración. Para a súa cualificación como aptos para biodixestión, o subministrador dos lodos entregará ao titular da instalación de biodixestión, e este, á súa vez, á Administración, unha análise de tales lodos, cos parámetros descritos no anexo II da orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 26 de outubro de 1993, sobre utilización de lodos de depuración no sector agrario. A análise, que poderá referirse como máximo a seis meses antes da solicitude, será achegada ao órgano instructor destas axudas, de non dispor dela no momento da solicitude, nun prazo non superior a un mes.

2º Se o beneficiario que incorpora lodos de EDAR ou EDARI como cosubstrato pretende destinar o dixestato á valorización por aplicación directa en parcelas agrarias, deberá contar coa autorización para tal actividade por parte da Consellería do Medio Rural, cumprindo os requisitos documentais descritos na orde citada no parágrafo anterior e no Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, polo que se regula a utilización dos lodos de depuración no sector agrario.

3º Sen prexuízo dos rexistros que as anteditas disposicións legais impoñen, a instalación biodixestora deberá levar un rexistro das datas de recepción, de incorporación ao biodixestor (ou rexeitamentos, se os houber), orixes dos lodos (debe constar a EDAR

ou EDARI produtora de lodos, aínda que estes fosen entregados por un xestor intermedio), volumes incorporados ao dixestor e análises correspondentes.

Artigo 9º.-*Actividades subvencionables.*

Poderán ser obxecto de subvención os investimentos realizados para a construción das instalacións de tratamento individuais ou centralizadas de xurros, con codixestores industriais, que apliquen os procesos descritos no Plan de biodigestión de xurros.

Artigo 10º.-*Contía, compatibilidade e límites das subvencións.*

1. Sen prexuízo das limitacións recollidas no punto 3 deste artigo, a contía total das axudas previstas neste capítulo, por cada instalación de tratamento individual ou centralización de xurros con codixestores industriais, non poderá superar:

a) O 40% do importe total do investimento subvencionable realizado, nas instalacións de codigestión complementadas con sistemas de valorización agrícola do dixestato como fertilizante dos cultivos, así como os equipamentos de aplicación agrícola que minimicen as emisións de amoníaco durante a aplicación.

b) O 30% do importe total do investimento subvencionable realizado, nas instalacións de codigestión complementadas con procesos que melloren a xestión do nitróxeno como por exemplo, a separación sólido-líquido, a eliminación ou a redución-recuperación de nitróxeno do dixestato.

2. Para maximizar o tratamento de xurros, nas instalación individuais ou centralizadas que superen o 20% en volume doutro substrato de biodigestión distinto dos xurros, reducirase nun 5% as subvencións previstas no número anterior, por cada incremento do 10% (v/v) de cosubstrato distinto do xurro sobre o volume total obxecto de digestión, ata acadar un máximo dun 60% (v/v), tal e como vén establecido na alínea d), número 2, do artigo 8º desta orde.

3. En calquera caso, a contía total da axuda para cada instalación de dixestores industriais deberase de axustar ao establecido nos puntos 81, 82 e 83 das directrices comunitarias sobre axudas estatais en favor do medio ambiente (2008/C 82/01), segundo o cal o límite máximo de axuda será dun 60% do importe total dos custos adicionais subvencionables, calculados segundo a metodoloxía descrita en tales puntos.

4. As axudas previstas neste capítulo serán compatíbeis con aquelas outras que establezan co mesmo obxectivo, se for o caso, calquera outra administración pública, sempre que non se superen en cada caso os límites porcentuais previstos no número 3.1.6., Axuda para fontes de enerxías renovables, das directrices comunitarias sobre axudas estatais en favor do ambiente (2008/C 82/01), nin que o montante total de axuda a unha empresa supere os 7,5 millóns de euros. No caso de que a axuda a

unha empresa superase a antedita cantidade, o proxecto deberá ser sometido a unha avaliación detallada por parte da Comisión Europea.

5. O total das solicitudes de gastos subvencionables para as instalacións deste capítulo non superará o crédito dispoñible en cada exercicio para as autorizacións que se efectúen durante o período 2009-2012.

CAPÍTULO IV XESTIÓN DAS AXUDAS

Artigo 11º.-*Réxime de concesión.*

1. O procedemento de concesión das subvencións previstas nesta convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

Artigo 12º.-*Criterios obxectivos de outorgamento das subvencións.*

1. Para a concesión das subvencións desta orde, as solicitudes de axudas para cada categoría prevista ordenaranse de acordo cos criterios obxectivos que deseguido se describen, para os cales se asigna unha valoración de puntos de acordo coa seguinte relación:

a) Segundo o recollido no plan de xestión de xurros que se debe entregar coa solicitude, valorarase:

1º Porcentaxe de dixestato destinado á valorización agrícola sen postratamento:

-De 100 a 66%: 40 puntos.

-De 65 a 33%: 30 puntos.

-De 32 a 0%: 15 puntos.

2º Número de prazas de ceba ás cales equivalerá, se foren todas deste tipo, o xurro de porcino incorporado ao dixestor (calculadas segundo o anexo IV):

-De 0 a 3000 prazas de ceba equivalentes: 2 puntos.

-De 3.001 a 5.000 prazas de ceba equivalentes: 4 puntos.

-De 5.001 a 7.500 prazas de ceba equivalentes: 6 puntos.

-De 7.501 a 10.000 prazas de ceba equivalentes: 8 puntos.

-Máis de 10.000 prazas de ceba equivalentes: 10 puntos

b) Procesos de valorización do biogás producido: se foren aplicados tales procesos, 20 puntos.

c) Optimización dos custos das operacións subvencionables:

1º Valorización do biogás en produción de electricidade e en produción de enerxía térmica aproveitada no mesmo proceso de biodigestión + utilización remu-

nerada doutros substratos distintos do xurro + valorización directa do dixestato no sector agrario: 10 puntos.

2º Valorización do biogás en produción de electricidade e en produción de enerxía térmica aproveitada no mesmo proceso de biodigestión + valorización directa do dixestato no sector agrario: 8 puntos.

d) Aplicación das denominadas mellores tecnoloxías dispoñibles (MTD), definidas no Plan de biodigestión de xurros como os sistemas de xestión dos xurros dixeridos que minimicen a emisión de óxido nítrico e amoníaco durante o seu almacenamento e aplicación agraria: se foren aplicadas tales tecnoloxías, 5 puntos.

e) Por cada ano de vida útil da instalación que supere a mínima exixida en cada caso: 1 punto ata un máximo de 5 puntos.

f) Biodigestores rurais que dean servizo a explotacións localizadas en concellos que non teñan no seu territorio ningunha área Rede Natura 2000, e igualmente, biodigestores industriais radicados en concellos de idénticas características: 2 puntos. Ver o anexo VI, coa relación de concellos destas características.

g) Biodigestores rurais que dean servizo a explotacións localizadas en concellos de alto número de prazas de porcino en explotacións de tipo industrial, e biodigestores industriais en que o xurro utilizado como cosubstrato proceda, ao menos nun 50% (v/v), de explotacións sitas en áreas de idénticas características: 2 puntos. Ver o anexo VII, coa relación de concellos que reciben esta cualificación.

h) Biodigestores industriais que utilicen como cosubstrato lodos de depuradoras de augas residuais urbanas (EDAR) ou agroindustriais (EDARI), 5 puntos, pero sempre que se cumpran os requisitos establecidos na alínea 2 f), do artigo 8º.

2. No caso das solicitudes para a instalación centralizada de biodigestores industriais, se despois de aplicar a puntuación segundo o número anterior, existir coincidencia de puntos entre varias de tales solicitudes, darase prioridade a aquelas que teñan vinculación contractual co maior número de explotacións subministradoras de xurro.

Artigo 13º.-Solicitudes de axuda.

1. O interesado que pretenda acceder ao réxime de axudas convocado mediante esta orde deberá achegar unha solicitude segundo os modelos que se indican como anexos I, II e III, xunto coa documentación que para cada caso se establece no número 4 deste artigo.

2. As solicitudes segundo os modelos do anexos I, II e III, dirixidas ao conselleiro do Medio Rural, presentaranse preferentemente nos rexistros das oficinas agrarias comarcais ou dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural ou por calquera

dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo día ordinal de publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mesmo mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

4. A documentación que debe achegarse xunto coa solicitude é a seguinte:

a) Copia do NIF da persoa física solicitante ou do CIF, cando sexa unha entidade. O solicitante quedará eximido da presentación deste documento sempre que autorice o órgano instrutor da axuda para consultar por vía telemática os seus datos de identidade no Ministerio de Presidencia. Para tales efectos, na solicitude deberá indicar expresamente o seu consentimento.

b) No caso de que o solicitante sexa unha entidade, acta ou escritura de constitución desta, e escrito -asinado polo órgano xestor ou equivalente- de autorización da persoa que actúa en representación da entidade para os efectos da solicitude. No caso de entidades sen personalidade xurídica, deberá achegarse un compromiso escrito e asinado de non disolución da entidade nos 5 anos posteriores á data de aprobación da axuda.

c) Certificado de número de conta bancaria a nome do solicitante.

d) No caso de que o solicitante denegue expresamente o seu consentimento, a través da solicitude, para que a Administración obteña de forma directa información sobre a súa situación referente ás obrigas tributarias e coa Seguridade Social, deberá de achegar os correspondentes certificados expedidos pola AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social, acreditativos de que reúne a condición de beneficiario segundo o número 2 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Declaración escrita do solicitante sobre outras axudas solicitadas e/ou concedidas para os mesmos investimentos. No caso de solicitantes de dixestores rurais, tal declaración deberá incluír, ademais, unha referencia ás axudas concedidas ou pagadas nos últimos tres anos fiscais ao abeiro da normativa de *minimis* non agrarios Regulamento (CE) 1998/2006. Para este tipo de instalacións financiadas *con minimis*, se o solicitante de axudas carece de personalidade xurídica (tal é o caso das comunidades de bens, pero pode darse esta circunstancia baixo outras formas empresariais), deberá achegarse, por cada socio ou comuneiro, unha declaración individual de todas as

axudas ao abeiro do Regulamento (CE) 1998/2006 que poidan ter concedidas ou pagadas nos últimos tres exercicios fiscais.

f) Para a acreditación dos requisitos recollidos no número 1 do artigo 4º, os solicitantes de biodixestores rurais achegarán:

1º Copia da última declaración do IRPF ou, de ser o caso, do imposto de sociedades, onde consten os rendementos da explotación gandeira de que o solicitante é titular.

2º Copia do último TC1 e TC2, se se tiver persoal empregado.

3º Copia da última declaración censual da explotación.

g) Para a acreditación dos requisitos recollidos no número 1 do artigo 8º, os solicitantes de biodixestores industriais achegarán:

1º No caso de que se teña previsto a produción de electricidade como valorización enerxética do biogás, copia da solicitude presentada ante a autoridade competente para a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

2º Copia da última declaración censual da/s explotación/s subministrador/as de xurros.

h) Proxecto de xestión de xurros que, como mínimo, contará cos seguintes contidos:

1º Planos de situación da instalación obxecto de axuda.

2º No caso de dixestores rurais, descrición e planos da balsa de almacenamento de xurros preexistente. Indicación das prazas autorizadas na explotación por categoría de animais, produción de xurro e capacidade da balsa.

3º Planos descritivos das instalacións obxecto de axuda.

4º Parámetros de funcionamento e rendemento das tecnoloxías utilizadas na redución de emisións e, se é o caso, de nitróxeno.

5º No caso de dixestores industriais, características da/s explotación/s subministradora/s de xurro, con indicación dos seus códigos Rega, das prazas recoñecidas e do volume de xurro subministrado. De ser o caso, identificación dos outros substratos e as súas orixes.

6º Orzamento detallado dos investimentos. Factura pro forma detallada dos investimentos. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros, no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría e asistencia, o beneficiario deberá solicitar e achegar xunto coa solicitude, como mínimo, tres ofertas de diferentes

provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

7º Un plan de xestión de xurro que xustifique os tratamentos elixidos co fin de mellorar a xestión do nitróxeno e a xestión posterior do dixestato ou os subprodutos obtidos.

i) No caso de dixestores industriais, copia dos correspondentes contratos ou acordos entre o solicitante e as explotacións subministradoras de xurro. Se se ten previsto utilizar lodos de depuradora como cosubstrato, copia do contrato subscrito coa EDAR ou EDARI correspondente, así como o resto da documentación descrita na alínea f), número 2 do artigo 8º desta orde.

j) Copia da solicitude de licenza de obra referida ás instalacións obxecto de axuda, presentada ante o concello onde radiquen estas.

5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-*Instrución e resolución.*

1. A instrución do procedemento correspondente ás solicitudes será realizada pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

2. O órgano instrutor poderá solicitar aos beneficiarios da subvención cantas aclaracións e ampliacións de información e documentos sexan precisos para a adecuada tramitación do procedemento e, en xeral, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba ditar a resolución.

3. A avaliación das solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos no artigo 12º desta orde, será efectuada por un órgano colexiado constituído para tal efecto, presidido pola subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias e integrado ademais por tres funcionarios da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario.

En virtude do informe do órgano colexiado que resulte desta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que deberá expresar a relación de solicitantes para os cales se propón a concesión da axuda e a súa contía. Tal proposta será

presentada ao conselleiro do Medio Rural, órgano competente para resolver o procedemento de concesión das axudas convocadas por esta orde.

4. O prazo máximo para resolver sobre a concesión será de seis meses contados desde o día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar e notificar a correspondente resolución, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5. Ademais dos contidos mínimos da resolución establecidos polo artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os que dispón o artigo 62 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na resolución farase constar o financiamento das axudas con indicación da parte que corresponde aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 15º.-Xustificación.

1. O beneficiario deberá notificar á Administración, con data límite o 31 de decembro de 2010, a plena realización da actividade obxecto de subvención e a consecución dos obxectivos previstos, achegando a conta xustificativa do gasto realizado, segundo o anexo V desta orde, que, de conformidade co disposto no artigo 72 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, contará con:

a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que, pola súa vez, conterá:

1º Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con indicación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

2º Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento (extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario) do pagamento realizado consonte as facturas presentadas). A factura presentada será marcada cun selo en que se indicará a convocatoria de subvención para cuxa xustificación foi utilizada e se o importe de tal factura se imputa total ou parcialmente á subvención.

3º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subven-

cionada con indicación do importe e a súa procedencia.

2. Engadirase á documentación da xustificación dos investimentos as correspondentes licenzas de obra e/ou actividades.

3. A documentación xustificativa presentarse, preferentemente, nos rexistros das oficinas agrarias comarcais ou dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Se se apreciar a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días para a súa corrección.

5. Cando, por causas debidamente xustificadas, a actividade subvencionable non poida realizarse no prazo establecido, poderá concederse ao beneficiario, pola súa solicitude, unha prórroga do dito prazo. Cando o prazo de xustificación non sexa abondo para achegar a documentación xustificativa do investimento, poderá concederse unha prórroga de duración non superior á metade deste, sempre que coa concesión de tal prórroga non se prexudiquen os dereitos de terceiros.

6. En calquera caso, a solicitude de prórroga e a súa concesión deberanse de producir antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. As resolucións sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recursos.

7. Transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación nese prazo dará lugar á iniciación do procedemento para determinar o incumprimento e, se for o caso, o reintegro.

Artigo 16º.-Pagamento.

1. A presentación da xustificación, na forma e prazo establecidos no artigo anterior, será condición indispensable para que poida procederse ao recoñecemento da obriga a favor do beneficiario e ao seu pagamento.

2. Non se poderá realizar o pagamento da subvención en canto o beneficiario non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, nos termos que regulamentariamente se establezan, mentres sexa debedor de reintegro ou se no correspondente expediente non consta o cumprimento da obriga do beneficiario de comunicar as subvencións solicitadas e as obtidas para o mesmo proxecto ou actividade.

3. A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, a través da Subdirección Xeral de Apoio ás Explota-

cións Agrarias, adecuada a comprobación da axeitada xustificación documental da subvención, así como o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención. Para a comprobación da realización material da actividade ou proxecto obxecto de axuda, poderá solicitar a colaboración da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.

Artigo 17º.-*Incumprimento e reintegro.*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e, se for o caso, a obriga de reintegrar en todo ou en parte o cobrado, nos supostos de falta de xustificación, xustificación fóra de prazo ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, ou as especificamente previstas nesta convocatoria.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención será o establecido no artigo 42 da Lei xeral de subvencións.

Artigo 18º.-*Modificación da resolución.*

1. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, despois do oportuno procedemento de audiencia do interesado.

2. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere os máximos previstos na normativa nacional ou comunitaria aplicable, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas nesta orde ata respectar os ditos máximos.

Artigo 19º.-*Obriga de facilitar información e controis.*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, os beneficiarios das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Así mesmo, o beneficiario estará obrigado a colaborar ante calquera control *in situ* levado a cabo pola consellería, proporcionando os datos requiridos e facilitando, de ser o caso, o acceso á súa sede social.

Artigo 20º.-*Recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde esgotan

a vía administrativa e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

Artigo 21º.-*Financiamento.*

As axudas regulamentadas nesta orde estarán financiadas no exercicio 2010 con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.713E 7700 da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, por un importe de 104.138 euros sen prexuízo de poder utilizar outros remanentes dispoñibles e da ampliación da dotación orzamentaria inicial.

Disposicións adicionais

Primeira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial e no *Diario Oficial de Galicia* as concesións das axudas regulamentadas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-En todo aquilo non previsto nesta orde, seguirase o disposto no Real decreto 949/2009, do 5 de xuño, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións estatais para fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodigestión de xurros e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no seu regulamento establecido mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o regulamento da dita lei.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para a execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ANEXO I
XACOBEO
2010



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE AXUDA DESTINADA A FOMENTAR A APLICACIÓN DOS PROCESOS TÉCNICOS DO PLAN DE BIODIXESTIÓN DE XURROS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR463A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL					NIF/CIF	
ENDEREZO			PROVINCIA		CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		
APELIDOS E NOME DO REPRESENTANTE LEGAL						NIF

DATOS BANCARIOS PARA O PAGAMENTO

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

EXPÓN:

1. Que coñece e acepta as condicións establecidas no Real decreto 949/2009, do 5 de xuño, así como as contidas nesta orde.
2. Que coñece e dá a súa conformidade para que os datos contidos nos impresos que compoñen esta solicitude sexan incluídos nos ficheros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o seu regulamento.

DECLARA:

1. Que as explotacións subministradoras de xurro (que veñen descritas no anexo desta solicitude) están inscritas no Rexistro de Explotacións (REGA).
2. Que se encontra ao día das súas obrigas tributarias, incluídas as da comunidade autónoma, e coa Seguridade Social.
3. Que todos os datos que figuran na solicitude e na documentación que se presenta son verdadeiros.
4. Que non se encontra en ningunha das circunstancias de exclusión recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
5. Que ☐ SI ☐ NON autoriza a Consellería do Medio Rural a obter directamente a información que ésta coide necesaria para a determinación e comprobación dos datos en virtude dos que ten que pronunciarse a resolución e, en particular, os que se refiren ao cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social do solicitante.
6. Que ☐ SI ☐ NON autoriza a Consellería do Medio Rural, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para consultar os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia.
6. Que non ten a consideración de empresa en crise.

COMPROMÉTESE:

1. A realizar a totalidade das actuacións incluídas na súa solicitude nas condicións e prazos establecidos nesta orde. Calquera modificación dos termos ou prazo contidos na resolución deberá de ser solicitada antes de que remate tal prazo e debidamente xustificado.
2. A facilitar a realización dos controis, tanto administrativos como sobre o terreo, que efectúe a Consellería do Medio Rural para verificar o cumprimento das condicións e compromisos contidos nesta convocatoria.
3. A manter as instalacións subvencionadas en concicións óptimas de uso durante un período mínimo que será, para dixestores rurais, de 5 anos, e, para os industriais, de 12 anos, contado en ambos os casos desde a realización dos investimentos.
4. A proporcionar semestralmente á Consellería do Medio Rural información sobre os volumes de xurro e, de ser o caso, doutros substratos, sometidos a dixestión e sobre as producións medidas de biogás obtidas nos equipamentos de medición.
5. No caso de solicitantes de dixestores industriais que utilicen cosubstratos distintos do xurro de porcino, a manter a proporción mínima deste que dea lugar á subvención aprobada, ao longo de todo o período de funcionamento das instalacións.
6. A devolver os importes das axudas percibidas indebidamente, incrementados, se ser o caso, co xuro legal correspondente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 27 de xullo de 2010 pola que se convocan, para o ano 2010, as subvencións para fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodixestión de xurros.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

XACOBEO
2010

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE AXUDA DESTINADA A FOMENTAR A APLICACIÓN DOS PROCESOS TÉCNICOS DO PLAN DE BIODIXESTIÓN DE XURROS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR463A	DOCUMENTO ANEXO
---	--	----------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL 		NIF/CIF
--	--	---

DATOS DA/S EXPLOTACIÓN/S

SOLICITUDES DE DIXESTORES RURAIS E INDUSTRIAIS INDIVIDUAIS					
CÓD. REGA EXPLOTACIÓN	LOCALIZACIÓN DA EXPLOTACIÓN	CAPACIDADE RECOÑECIDA			
		CATEGORÍA ANIMAIS		Nº PRAZAS	
		VOLUME XURRO (l/día)			
SOLICITUDES DE DIXESTORES INDUSTRIAIS CENTRALIZADOS					
CÓD. REGA EXPLOTACIÓN	LOCALIZACIÓN E TITULAR (NOME E DNI) DAS EXPLOTACIÓN	CAPACIDADE RECOÑECIDA		VOLUME XURRO (L/día)	
		CATEG. ANIMAL	PRAZAS	TEÓRICO	SUBMINISTRACIÓN
		VOLUME XURRO (l/día)			

INVESTIMENTOS SOLICITADOS

SOLICITUDES DE DIXESTORES RURAIS	
☐	Adquisición e instalación de equipamentos para a biodigestión anaerobia, incluída a adquisición e instalación dunha cuberta sobre a balsa preexistente. IMPORTE
☐	Adquisición e instalación de sistemas de remixedura, condución, limpeza, concentración e outros procesos de acondicionamento do biogás e, de ser o caso, de aproveitamento deste. IMPORTE
☐	Adquisición e instalación de elementos de seguranza nos dixestores así como nos sistemas de combustión e aproveitamento do biogás. IMPORTE
☐	Adquisición e instalación de equipamentos de control para as medicións de emisións anuais de metano. IMPORTE
SOLICITUDES DE DIXESTORES INDUSTRIAIS	
☐	Construción das instalacións de tratamento individuais ou centralizadas de xurros, con dixestores industriais, que apliquen os procesos descritos no Plan de biodigestión de xurros. IMPORTE

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PESSOA QUE O REPRESENTA 	(Para cubrir pola Administración) <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="padding: 5px;">RECIBIDO</td> <td style="padding: 5px; width: 150px;"> NÚMERO DE EXPEDIENTE </td> </tr> <tr> <td style="height: 100px;"></td> <td style="padding: 5px;"> DATA DE ENTRADA </td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;">REVISADO E CONFORME</td> <td style="padding: 5px;"> DATA DE EFECTOS </td> </tr> <tr> <td style="height: 100px;"></td> <td style="padding: 5px;"> DATA DE SAÍDA </td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE 		DATA DE ENTRADA 	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS 		DATA DE SAÍDA
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE 								
	DATA DE ENTRADA 								
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS 								
	DATA DE SAÍDA 								



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III



XACOBEO
2010

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE AXUDA DESTINADA A FOMENTAR A APLICACIÓN DOS PROCESOS TÉCNICOS DO PLAN DE BIODIXESTIÓN DE XURROS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR463A	DOCUMENTO ANEXO
---	--	----------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DATOS DEL SOLICITANTE	
NOMBRE Y RAZÓN SOCIAL	NIF/AIF

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (indicar con x a documentación presentada)

		VERIFICACIÓN DA ADMINISTRACIÓN		
1.- DOCUMENTACIÓN PARA TODAS AS SOLICITUDES		RECIB	VÁLIDO	NON PROCEDE
☐	1. Copia do DNI ou CIF, no caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade no sistema de verificación de datos do Ministerio de Presidencia.			
☐	2. Se o solicitante é unha entidade, acta ou escritura de constitución.			
☐	3. Se o solicitante é unha entidade, autorización, asinada polo órgano xestor ou equivalente, a favor de quen actúa en representación da entidade para efectos da solicitude.			
☐	4. Certificado de nº de conta bancaria a nome do solicitante.			
☐	5. No caso de que o solicitante denegase o seu consentimento para que a Consellería do Medio Rural consulte de xeito directo a súa situación coa AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social, certificados expedidos por estes organismos, acreditativos de que o solicitante se encontra ao día nas súas obrigas con eles.			
☐	6. Proxecto de xestión de xurros, cos contidos mínimos que se establecen no número 5 h) do artigo 13º da orde de convocatoria.			
☐	7. Facturas pro forma detalladas dos investimentos solicitados.			
☐	8. Solicitude de licenza de obras e actividade referida ás instalacións obxecto de axuda, presentada ante o concello onde radiquen estas.			
☐	9. Declaración do solicitante sobre outras axudas solicitadas e/ou concedidas para os mesmos investimentos. No caso de solicitantes de biodixestores rurais tal declaración terá que incluír, ademais, una referencia ás axudas concedidas ou pagadas nos últimos 3 anos fiscais ao abeiro da normativa <i>de minimis</i> non agrarios (Regulamento (CE) 1998/2006). Declaración nos mesmos termos de cada comuneiro/socio se o solicitante carece de personalidade xurídica.			
2.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA AS SOLICITUDES DE DIXESTORES RURAIS				
☐	1. Copia da última declaración do IRPF, ou, de ser o caso, do imposto de sociedades.			
☐	2. De ter persoal empregado, copia dos últimos TC1 e TC2.			
☐	3. Copia da última declaración censual presentada.			
3.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA AS SOLICITUDES DE DIXESTORES INDUSTRIAIS				
☐	1. No caso de que se teña previsto a produción de electricidade como forma de valorización do biogás, copia da solicitude presentada ante a autoridade competente para a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.			
☐	2. Copia dos contratos ou acordos entre o solicitante e as explotacións subministradoras de xurro. Se se ten previsto empregar lodos de depuradora como cosubstrato, copia do contrato suscrito coa EDAR ou EDARI correspondente, así como o resto da documentación descrita na alínea 2 f) do artigo 8º da orde de convocatoria.			
☐	3. Copia da/s última/s declaración/s censual/ais da/s explotación/s subministradoras de xurro.			
4.- OUTRA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA				
☐				

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PESSOA QUE O REPRESENTA 	(Para cubrir pola Administración) <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="padding: 5px;">RECIBIDO</td> <td style="padding: 5px;">NÚMERO DE EXPEDIENTE _____</td> </tr> <tr> <td style="height: 100px;"></td> <td style="padding: 5px;">DATA DE ENTRADA ____/____/____</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;">REVISADO E CONFORME</td> <td style="padding: 5px;">DATA DE EFECTOS ____/____/____</td> </tr> <tr> <td style="height: 100px;"></td> <td style="padding: 5px;">DATA DE SAÍDA ____/____/____</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____		DATA DE ENTRADA ____/____/____	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS ____/____/____		DATA DE SAÍDA ____/____/____
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____								
	DATA DE ENTRADA ____/____/____								
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS ____/____/____								
	DATA DE SAÍDA ____/____/____								

ANEXO IV

Cálculo da capacidade máxima subvencionable dun director rural

a) Caudal de entrada de xurro (Q) segundo o número de prazas e a categoría dos animais:

Gando	Categoría de animais (segundo o anexo II do Plan de biodigestión de xurros)	Equivalencia cos categorías recoñecidas para as explotacións porcinas de Galicia (ceba/leitóna/recría-transición/porcas/reposición/verróns)	Produción de xurro por praza (l/día)	Produción de xurro por praza (m³/ano)
Porcino	Porca nai en ciclo pechado	Dado que non existe tal categoría recoñecida, para a determinación da produción de xurro consideraranse as producións das prazas que a explotación teña recoñecidas de porcas, leitóns, cebs e, de ser o caso, de reposición e verróns	48,63	17,75
	Porca nai con leitóns ata destete (0-6 kg)	Prazas porcas	13,97	5,10
	Porca nai con leitóns ata 20 kg	Dado que non existe tal categoría recoñecida, para a determinación da produción de xurro consideraranse as producións das prazas que a explotación teña recoñecidas de porcas e leitóns	16,77	6,12
	Leitón de 6 a 20 kg	Prazas leitóns	1,12	0,41
	Porco de 20 a 50 kg	Prazas recría-transición (1)	4,93	1,80
	Porco de 50 a 100 kg	Prazas recría-transición (1)	6,85	2,50
	Porco de 20 a 100 kg	Non consta unha categoría equivalente na clasificación das explotacións porcinas galegas. En calquera caso, se algunha explotación xustifica axeitadamente que os animais aloxados nas súas instalacións se atopan neste rango, pode considerarse a correspondente produción de xurro por praza		
	Porco de 20 a 100 kg	Prazas cebs	5,89	2,15
	Verrón	Prazas reposición		
		Prazas verrón	14,00	5,11

^m As prazas de recría-transición considéranse para animais que entran tras o destete e saen con 20 kg, agás que se demostre que na xestión da explotación da que se está a calcular a produción de xurro os leitóns saen daquela cun peso de 50 kg.

b) Capacidade (V) do dixestor para un período de retención hidráulica (Pr) de 30 días:

$$V (m^3) = Pr * Q = 30 \text{ días} * Q \text{ m}^3/\text{día}.$$

Por exemplo: explotación de 3.000 prazas de cebs.

Produción diaria (caudal, Q) de xurro:

$$Q (l/día) = 3.000 \text{ prazas} * 5,89 l/día * praza = 17.670 l/día.$$

$$Q (m^3/día) = 17,67 m^3/día.$$

Volume máximo de biodigestor rural que pode ser obxecto de subvención:

$$V (m^3) = Pr * Q = 30 \text{ días} * 17,67 m^3/día = 530,10 m^3$$



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Producción Agropecuaria

ANEXO V



XACOBEO
2010

PRESENTACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

DATOS DO SOLICITANTE

NOME O RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
APELIDOS E NOME DO REPRESENTANTE LEGAL		NIF	

EXPÓN:

1. Que mediante resolución do conselleiro do Medio Rural lle foi concedida unha subvención polo importe de , ao abeiro do disposto na Orde do , pola que se convocan, para o ano 2010, as subvencións para fomentar a aplicación dos procesos técnicos do Plan de biodigestión de xurros.

2. Que mediante o presente escrito SOLICITO o pagamento da antedita subvención, para o que, no prazo establecido en tal orde de convocatoria, presento a conta xustificativa do gasto realizado, que inclúe a seguinte documentación (marcar cun X):

VERIFICACIÓN ADMINISTRACIÓN

☐ Memoria descriptiva da actividade: memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.	☐
☐ Memoria económica: relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con indicación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.	☐
☐ Memoria económica: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa e documentación acreditativa do seu pagamento.	☐
☐ Memoria económica: declaración e, se é o caso, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.	☐

Lugar e data

, de de 20

Asdo.:

ANEXO VI**Relación de concellos que non teñen ningunha área Rede Natura 2000 no seu territorio****A Coruña**

Concello	Concello	Concello	Concello	Concello
A Baña	Cerceda	Culleredo	A Pobra do Caramiñal	Val do Dubra
Arzúa	Cesuras	Curtis	Sada	Vilasantar
Boimorto	Corcubión	Fene	Santa Comba	Vilarmador
Boiro	A Coruña	Lousame	Sobrado	Zas

Lugo

Concello	Concello	Concello	Concello
Antas de Ulla	Láncara	A Pastoriza	O Saviñao
Castroverde	Monterroso	Pol	Taboada
O Corgo	Paradela	Portomarín	Baralla
Cuntín	O Páramo	Sarria	Burela

Ourense

Concello	Concello	Concello	Concello	Concello
Allariz	Carballada de Avia	Gomesende	A Peroxa	Sandiás
Amoeiro	O Carballiño	Xunqueira de Ambía	Petín	Sarreaus
Arnoia	Cartelle	Xunqueira de Espad.	Piñor de Cea	Taboadela
Avión	Castrelo de Miño	Leiro	Pontedeve	A Teixeira
Baltar	Castro Caldelas	Maceda	Punxín	Toén
Baños de Molgas	Celanova	Maside	Ramirás	Trasmiras
Barbadás	Cenlle	Melón	Ribadavia	Vilamarín
O Barco de Valdeor.	Coles	A Merca	San Xoán de Río	Vilamartín de Valdeorras
Beade	Cortegada	Monterrei	Riós	Vilar de Santos
Os Blancos	Cualedro	Ourense	A Rúa	Vilardevós
Boborás	Esgos	Paderne de Allariz	San Amaro	
A Bola	Xinzo de Limia	Pereiro de Aguiar	San Cibrao de Vías	

Pontevedra

Concello	Concello	Concello	Concello
Barro	Gondomar	Mos	Poio
Caldas de Reis	Marín	Oia	Ponte Caldelas
Cuntis	Meis	Pazos de Borbén	Vilagarcía de Arousa
Dozón	Moraña	Portas	Vilanova de Arousa

ANEXO VII**Concellos con alto número de prazas de porcino en explotacións de tipo industrial**

(Datos extraídos do Anuario de estatística agraria 2005).
Concellos con máis de 2.000 prazas de reprodutoras ou máis de 7.000 de ceba (en explotacións de tipo industrial).

A Coruña

Concello	Concello	Concello
Abegondo	A Laracha	Teo
Culleredo	Melide	
Curtis	Ponteceoso	

Lugo

Concello	Concello	Concello
Portomarín	Sarria	

Ourense

Concello	Concello	Concello
Maceda	Parada de Sil	Xinzo de Limia

Pontevedra

Concello	Concello	Concello	Concello
Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda